

EL ABRAZO DE LA SERPIENTE

86

[Ciro Guerra, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 19.02.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

El abrazo de la serpiente (2015, 125')

Dirección: Ciro Guerra

Guión: Jacques Toulemonde Vidal, Ciro Guerra

Reparto: Brionne Davis, Nilbio Torres, Antonio Bolívar, Jan Bijvoet, Nicolás Cancino, Yauenkü Migue, Luigi Sciamanna

Montaxe: Etienne Boussac

Dirección de arte: Ramses Benjumea

Son: Carlos E. García

Música: Nascuy Linares

Fotografía: David Gallego

Produtora: Caracol Televisión, Ciudad Luna Producciones, Dago García Producciones (Colombia), MC Producciones, Buffalo Films (Arxentina), Nortetur Producciones (Venezuela)

Distribuidora: Abordar Casa de Películas

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

PREMIOS

Óscar 2016, nomeado ao mellor filme de fala non inglesa. Cannes 2015, gañador do premio Art Cinema. Premios Macondo do Cinema Colombiano 2015, 8 premios, incluíndo mellor filme e director. Festival de Cine Latinoamericano de Lima 2015, mellor filme. Festival de Cine de Mar del Plata 2015, mellor filme.

FILMOGRAFÍA

Los viajes del viento, 2009

La sombra del caminante, 2004

SINOPSE

Karamakate foi no seu día un poderoso chamán do Amazonas. Actualmente é o último supervivente do seu pobo e vive un illamento voluntario no máis profundo da selva. Leva anos de total soidade que o converteron en chullachaqui, unha codia baleira de home, privado de emocións e lembranzas.

«As referencias do filme, de *Vertigo* a *Apocalypse Now*, non restan relevancia ao alento poético dunha trama que nos leva á busca do coñecemento e aos riscos que implica usar seres humanos como simples medios para o seu acceso»

Mario Iglesias. EL FONDO DEL AIRE ES ROJO



EL ABRAZO DE LA SERPIENTE

[Ciro Guerra, 2015]

Entrevista a **Ciro Guerra**

Por *Cécile Mury*

Como nace a idea do filme? Eu soñaba con filmar na Amazonía, un bosque que cobre case a metade de Colombia mais fica, para a meirande parte dos meus compatriotas, infinitamente afastado, ausente, case esquecido. Cando comezo a me interesar no proxecto, descubro as cartas de viaxe do etnógrafo alemán Theodor Koch-Grunberg (1872-1924) e o botánico americano Richard Evan Schultes (1915-2001). Quedei impactado polas súas descrições. A Amazonía que descubriron naquela época, descoñecida, inexplorada, xa non existe, trátase dunha terra perdida. Foi a partir de aí que naceu o desexo de lembrar o percorrido destes exploradores, mais adoptando por completo o punto de vista dos indíxenas. Coido que isto non se ten feito xamais no cinema.

Por que escolliches o branco e negro?

Visualmente inspireime nun principio nas placas fotográficas realizadas polos científicos nas súas expedicións. Eran imaxes doutro tempo, doutro mundo, dun lugar que o branco e negro despoxa de todo exotismo, de toda exuberancia. A partir do momento en que empecei a ver as cousas desta maneira, xa non puíden imaxinar o filme doutro xeito.

Pos en escena a dous occidentais encontrando o mesmo chamán en épocas distintas. As súas viaxes, os seus tempos, respóndense, confúndense.

Por que esta escolla narrativa? É o fio condutor que corresponde á xeografía do lugar, con todas esas ribeiras que son a un tempo medio de comunicación e metáfora: un tempo líquido onde os personaxes pódense mover entre pasado, presente e futuro. No seu diario, Theodor Koch-Grunberg conta unha anécdota que me parece significativa. Á súa chegada á selva, na fronteira entre Colombia e Venezuela, os indíxenas fálanlle dun personaxe lendario: Surumbukù. Fíxo falta un tempo para que se decatara que ese mito era o recordo doutro explorador, Robert Hermann Schomburgk, que pasara por alí cincuenta anos antes. E el propio, Koch-Grunberg, será a partir dese momento tomado como unha reencarnación de Surumbukù. Para os indios da Amazonía unha soa existencia

pode ser vivida por persoas diferentes en épocas distintas. Quería que ese sistema de pensamento tan afastado do noso, esta maneira singular de enfrontar o mundo, de construír un relato, se plasmase na estrutura do filme.

Vostede é o primeiro en filmar na Amazonía logo de varias décadas.

Como foi a rodaxe? Para comezar, tiven moitas dificultades para atopar un lugar ben conservado para evocar as paisaxes do pasado, até que descubrín a rexión de Vaupés, entre Colombia e Brasil. Evidentemente, era un gran desafío loxístico pois tiñamos que transportalo todo dun lugar a outro. Mais tentamos traballar en harmonía coa natureza e a xente que alí vivía, de xerar o mínimo impacto negativo. Os indios consideran o bosque como un todo, un ser vivinte ao que lle hai que pedir permiso para aquilo que desexamos facer. Consideran que cando nos diriximos á natureza de maneira axeitada, esta convértese nunha aliada, mentres que se a descoidamos todo se converte nun pesadelo. A rodaxe foi moi esixente, fisicamente esgotadora, mais nós tiñamos a sensación de ter obtido ese *permiso*. Todo foi á perfección, sen grandes problemas co tempo, nin intoxicacións, enfermidades ou ataques de animais. A selva aceptounos.

Dous dos seus intérpretes son actores non profesionais que vostede recrutou no lugar de gravación. Como foi o traballo con eles?

Colaboramos moito coas comunidades indíxenas. Sen o seu consentimento e apoio o filme non se podería ter realizado. Propuxémoslles participar tanto diante como detrás da cámara. Eles responderon con entusiasmo, felices de seren incluídos no proxecto, de achegar a súa forza, a súa riqueza. Cando se lles aborda con respecto e transparencia, son xente moi aberta. Unha soa cousa me inquietaba, a súa falta de experiencia como actores, mais tamén como espectadores. Alí ninguén ten costume de ir ao cinema, ao teatro ou mesmo de ver a televisión. Mais axiña quedei tranquilo pois entregáronse con xenerosidade, sen reserva algunha. Nunha cultura de tradición oral cómpre saber contar historias mais tamén escoitalas. Eis as grandes cualidades dun actor.

Extraído de: <http://www.telerama.fr/cinema/ciro-guerra-realisateur-ce-melange-entre-traditions-et-questions-contemporaines-me-fascine,136112.php>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org